

ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Outubro - Novembro - Decembro 2008]



ARTE NA RÚA
Os nosos barrios...
...o noso patrimonio

Fundación do convento de San Francisco |
O "Constantino Bellón" | O nome do país |
Marcha mundial das mulleres: Vigo 2008 |
ademais: SERVIZOS, BREVES, CONVOCATORIAS ...
e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

nº 32

TURISMO

CULTURA

FERROL

www.ferrol.es




Concello de Ferrol

TURISMO

CULTURA





ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán

Nº 32

Outubro-Novembro-Decembro 2008

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores. A tod@s eles, grazas.



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS E REALIZACIÓN:
Leandro, Juan de la Fuente, Ateneo Ferrolán
FOTOGRAFÍA DE PORTADA:
Jorge Meis

COLABORACIÓNS:
Pilar Blanco Vidal, Fernando Dopico, Carlos Callón, Eduardo Hermida, Gustavo Sequeiro, Jorge Meis, Miguel Ángel Alonso Diz

PATROCINA:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, VIAJES PACO, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONCELLO DE FERROL DE FERROL TURISMO-CULTURA, PARADOR DE TURISMO

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!

TEMOS LOTERIA DE NADAL

PARTICIPACIÓNS DE : 2,50 € + 0,50 € (colaboración)

3 €

Nº 68481





É obrigado, para unha Directiva responsable, informar aos socios e socias de todo canto acontece ao redor do máis importante da nosa Entidade, a nosa Sede e o noso Patrimonio.

Sen ter resposta das investigacións feitas pola policía científica, segue a ser evidente, xa o diximos, a agresión intencionada no incendio provocado a principios deste ano, que non pasou dun susto pero que nos ten que poñer en alerta, tanto a nós como aos propietarios dos edificios, o CONCELLO DE FERROL.

O episodio puxo neste caso en evidencia as precariedades do inmoble, tanto no caso de ataques provocados como no tantas veces denunciado problema das goteiras e humidades.

A cesión do espazo que ocupa o ATENEO FERROLÁN vence no ano 2011. O acordo de rehabilitación e o proxecto correspondente aprobado en Pleno da Corporación xa foi no ano 2003. Os responsables (ou irresponsables) anteriores deixaron de xestionar dous millóns de euros da Xunta de Galicia para a rehabilitación do centro histórico da Madalena. Agora volvemos a ter o Plan URBAN e esperamos que se recupere o que é de xustiza e se poñan as cousas no seu sitio.

Recoñecementos e compromisos de palabra xa hai. Esperamos que pronto esta Corporación pase aos feitos e para ben de todos, de TODOS, da cidade e da cidadanía se cumpran os acordos e poidamos dispor axiña dunha sede social como demandan os tempos.

A ENTIDADE e a súa Biblioteca-Hemeroteca merecen ese recoñecemento que por outra banda dende fóra o POÑEN EN VALOR.


Agradecemos os numerosos apoios recibidos por todos os medios, correos, páxina web, teléfono, etc.

ATENEO FERROLÁN

abrilsolidario
co ateneoferrolán
REXURDIREMOS!!
ca vosa colaboración
o Sábado 26
ás 12 da mañá!
no Ateneo Ferrolán
POR UN ATENEO FERROLAN
FAGASE SOCIO
POR UNHA CULTURA GALEGA E UNIVERSAL
sesión vermú
Pinchiños e vermú para tod@s!
música en directo
· Fefi cantautor
· Óscar Fernández Sanjurjo zanfona
· apúntate e ven co teu instrumento ....
ás 2 da tarde entregarase o PREMIO da RIFA SOLIDARIA!
estades convidad@s!
Coa colaboración desinteresada dos músicos
e do Colectivo OPAII que realizará a emisión
dun programa especial de radio
EN DIERCTO no 93.9 da FM
ATENEO FERROLÁN

Cartaz anunciador do acto celebrado no pasado mes de abril, para reivindicar a rehabilitación do Ateneo Ferrolán

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!




AS NOVAS INCORPORACIÓNS DA HEMEROTECA

PRENSA DIARIA: local, nacional e estatal	*Diario de Ferrol · La Voz de Galicia · De Lunsavenres · La Opinión de A Coruña · El País El Mundo · El Correo Gallego · Galicia Hoxe · Faro de Vigo · A Nosa Terra · Público*



Luces
DE CULTURA
Goya en Guerra
El Bicentenario

Luces de cultura Nº 1
Ed.: Ministerio de Cultura.
Subdirección General de Publicacións
ISSN: 1888-4822



O viaxeiro. Revista escolar do centro rexional de educación especial. Nº 8
Ed.: Centro de educación especial "Carmen Polo"

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 450 cabeceiras coas que contamos



Gallegos Nº 1
Carlos G. Reigosa (dir).
Ed. Ézaro Edicións
D.L.: VG-549-2008



Ao vivo. Música Nº 1
Ed.: Xunta de Galicia - IGAEM
ISSN: 1888-6191


QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:
Fundación 10 de Marzo, Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Asociación de Amigos del Ferrocarril, Alfredo Martín García.




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA



La construcción de la ciudadanía a través de los movimientos sociales. El movimiento obrero en Galicia (1890-1936)
Antonio Míguez Macho
Ed. Fundación 10 de Marzo
ISBN: 13:978-84-930595-9-0



Trobo. Terra e xente
David Corral Díaz
Kadmos (imp.)
ISBN: 978-84-936241-8-7




"O himno galego. Documentos históricos. 1890-1907"
Coed. universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela
ISBN:978-84-9749-271-3

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA **BIBLIOTECA,** O CATÁLOGO INFORMATIZADO QUE PODEN CONSULTAR NA DIRECCIÓN SEGUINTE:

www.opacmeiga.rbgalicia.org




Galicia y los gallegos en las fuentes árabes medievales
Ana María Carballeira Debasa
Ed. Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento"-CSIC
ISBN: 978-84-00-08576-6



Sobre raíles
VVAA
Ed. Ferrocarriles españoles de vía estrecha; Imagine ediciones
ISBN:84-95882-36-1

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA
FILMOTECA
que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!





HISTORIAS DA NOSA
BIBLIOTECA-HEMEROTECA

30 ANOS DE HISTORIA
(5)


Gerard Brey
Guillermo Llorca
Jose Luis Prieto
Julia Uceda
Manuel Rivas
Manuel Tuñón de Lara














Nesta nova entrega de "Historias da nosa Biblioteca - Hemeroteca" queremos dar a coñecer unha parte dos libros que moitas veces queda oculta. En ocasións, os lectores non nos fixamos no feito de que na biblioteca do Ateneo Ferrolán hai unha grande cantidade de exemplares asinados polos seus autores.

Hoxe queremos dalos a coñecer, desde logo non son todos, pero si unha pequena mostra dos ilustres personaxes que por aquí pasaron e que decidiron deixar o seu sinal entre nós. Non só a través da súa obra, senón dun modo máis persoal, manifestando o seu cariño, ou ben a ledicia de estar entre nós e , en moitos casos, unicamente o seu agradecemento.


Aínda que un non sexa mitómano, non deixa de sorprender a cantidade de xente importante que compartiu a súa obra con nós. Algúns xa mortos, outros por sorte vivos, pero todos eles sobresaíntes no seu traballo.


Recollemos aquí, as dedicatorias de personalidades que destacan en diferentes ámbitos, como a literatura, a investigación histórica, etc...

A súa obra, estará sempre no Ateneo Ferrolán e –por ende ben– en toda a cidadanía.


Maruxa Orxales
Ramón Loureiro e Xaquín Marín
Ramón Villares
Teresa Moure
Torrente Ballester
Xose Ramón Barreiro














REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



FERROL berce do veterano periódico

NO NACEMENTO DE EL CORREO GALLEGO: FERROL ENTRE DOUS SÉCULOS

A EXPOSICIÓN CONTOU CUNHA MOSTRA BIBLIOGRÁFICA CEDIDA POLO ATENEO FERROLÁN

A cidade naval celebra as orixes da cabeceira, nacida en 1878. Patricia Hermida.

A miseria española de 1878 tamén alcanzaba a Ferrol. As súas rúas carecían de alumeado con gas, os bandidos aparecían flotando na fosa séptica que rodeaba o Arsenal Militar...

Pero tamén chegaban os carromatos de teatro ambulante, para diversión da plebe. Aquel mundo máxico e perdido retratouse nas primeiras páxinas do CORREO GALEGO.

A veterana cabeceira naceu aquel ano na cidade naval. E a súa sede principal recolleu os avatares galegos durante 60 anos desde Ferrolterra. Marchouse en 1938, en plena Guerra Civil, para situarse definitivamente en Santiago.

Aquel xornalismo intrépido, a cabalo entre dous séculos, recóllese na mostra que se inaugurou o 1 de agosto en Ferrol.

Organizada polo Club de Prensa, e situada na Autoridade Portuaria, a exposición 1878-1938, O CORREO GALEGO, 60 anos de xornalismo en Ferrol revive os vaivéns informativos da época.

E ao longo do mes de agosto, puidemos visitar as portadas de todos os números: desde a súa fundación, o 1 de agosto de hai 130 anos, ata a súa emigración cara a Compostela.

O xornal centenario acolleu no seu seo ás mentes máis lúcidas do primeiro terzo do século XX. Un dos homes máis queridos na historia da cidade, Xaime Quintanilla Martínez, dirixiu as páxinas do CORREO GALEGO. O admirado médico dos pobres e alcalde republicano, fusilado en 1936, comandou aquelas primeiras edicións co seu característico espírito humanista.

E entre outras firmas douradas tamén destacan escritores como Curros Enríquez, Emilia Pardo Bazán, Eduardo Pondal ou Alfredo Brañas.

Aqueles trobadores de outrora, autores de himnos e retratistas dun mundo en extinción exerceron de cronistas na Galicia intersecular.

A cabeceira tivo ademais como primeiro editor a José Mariano Abizanda Sanmartín, e posteriormente á ferrolá familia Barcón Orta. 

Desde hai moitos anos, a Editorial Compostela representa a un dos xornais máis antigos en España e Galicia. En recordo dunha época na que o xornalista era un aventureiro.

Memoria Viva Aquelas portadas de Afonso XIII.

A exposición, que será inaugurada polo director do CORREO GALEGO, José Manuel Rei, CONTA CUNHA MOSTRA BIBLIOGRÁFICA CEDIDA POLO ATENEO FERROLÁN, Juan Malvar e o Concello.

Curiosidades: as cobizadas portadas de Afonso XIII.





A fragata arxentina *Sarmiento* en Ferrol.



Francisco Franco Bahamonde con 12 anos.









Máis de 30 artistas reinventan o icono pictórico de Velázquez no barrio ferrolán

AS MENINAS MÚDANSE A CANIDO

Fotografías de Jorge Meis



Das paredes do madrileño Museo do Prado ás fachadas e muros de 35 vivendas e baixos do barrio de Canido, na parte alta de Ferrol.

Medio centenar de artistas –pintores, fotógrafos e músicos– embarcáronse nun proxecto singular apadriñado polo goberno ferrolán para colocar a arte ao pé de rúa, coa icona pictórica de Velázquez como eixo temático.

Entre as recatadas damas de compañía (meninas en portugués) que acompañaban á Familia de Felipe IV no lenzo que Diego Velázquez pintou en 1656 ás personalísimas figuras que desde xa halagan as vivendas de Canido, pasaron tres séculos e medio e moitas modas. Heroínas de cómic ou princesas dun conto de fadas, as meninas ferrolás revolucionáronse en cor ou en branco e negro. Salpican as paredes de 35 vivendas, garaxes e baixos entre as rúas Estrela e Alonso López –co consentimento dos seus propietarios–, pasando pola praza da Tahona, nun dos barrios con máis soleira e arraigamento da cidade naval, onde se mesturan antigas vivendas de planta baixa e promocións inmobiliarias recentes.

Pasear o pasado sábado día 20 pola contorna do Cruceiro de Canido, especialmente entre as rúas Alonso López e Estrela, era o máis parecido a estar nun gran taller de pintura. Resultaba difícil camiñar polas rúas sen tropezarse con pinceis, óleos e pinturas de todas as cores cos que os artistas invitados ao evento iluminaron as fachadas das casas do barrio. Muros, murallas, vivendas abandonadas e outras habitadas foron o lenzo sobre o que cada un dos artistas reinterpretou ao seu modo “As Meninas” de Velázquez.





AGRUPACIÓN ARTÍSTICA A ESTRELA DE CANIDO

Aproveitando a oportunidade que nos da este espazo do Ateneo, queremos dar as grazas a todos e todas que fixeron posible que o arte na rúa saíra adiante. Para comezar reseña especial os veciños e veciñas xa que se non deixaran as súas fachadas, non se podería facer a acción, grazas aos pintores pola súa intensidade e o interese mostrado na súa obra. Aos fotógrafos unha mención destacada por pasar tras súas lentes a emoción do acto e os músicos por a animación e o dinamismo que puxeron na festa.

Dende a agrupación artística a Estrela de Canido, queremos dar mil grazas a toda a xente que pasou pola rúa, que gozaron con nos e que participaron da festa.

O noso corazón ese día estaba co gaiteiro Carlos Zaera e para el vai este acto lembrando o seu son e a súa alegría no recordado "toldo da Tahona".

Desexamos que esta iniciativa teña unha continuidade socio - cultural e que poidamos emocionarnos como o fixemos noutras accións.

Sen mais , vémonos no barrio!!!!



Canido convertiuse o día 20 de setembro nun grande lenzo sobre o que os diferentes artistas plásticos procedentes de toda Galicia reinterpretaron ao seu modo "As Meninas" de Diego Velázquez.
A eles uníronse músicos e fotógrafos que contribuíron a que o barrio vivise unha xornada festiva na que a arte nas súas diferentes disciplinas foi o nexo común.





Non había regras preestablecidas, cada un elixiu o espazo que máis lle inspirou para crear a súa obra. O resultado foi, e é, un barrio cheo de arte no que a cada paso que un dá atópase cunha "menina" diferente, desde a que está falando por un teléfono móbil, obra de Gustavo Sequeiro, ata a ecolóxica, a sinistra, a que vai de compras ou a que invita a consumir froita. Todos os estilos e todos os motivos tiveron cabida nesta proposta. Pero a cousa non termina aí, a mesmísima Rosalía de Catro coa súa "Follas Novas" na man serviu de inspiración ao *pai* do proxecto, Eduardo Hermida, que terminou por converterse a si mesmo noutra "menina".


Jorge Llorca, Luís Rapela, Leandro, Manuel Patinha, Jorge Cabezas, Siro, Avelino Castro, Suso Basterrechea, Raimundo Anido, Kiko da Silva, Collado, Manoli Castro, Corín Cervera, Barcón e P. Romero foron algúns dos artistas que contribuíron coas súas pinturas a dar cor ao barrio de Canido.

Con todo, houbo unha parede que non se tocou, trátase daquela sobre a que fai uns meses o coruñés Jorge Cabezas recreara un mural para reivindicar o estado de abandono do barrio e que días despois un veciño da zona tapou con outra *pintada* reivindicativa e que terminou por suscitar unha polémica que derivou no encontro artístico celebrado en Canido.

A iniciativa que nun primeiro momento expúxose como un acto reivindicativo para chamar a atención administrativa sobre a situación de abandono que vive o barrio terminou por converterse nun acto lúdico-festivo que quixo sacar a arte dos museos e centros culturais para acercalo directamente á rúa.

A iniciativa contou, ademais do apoio dos veciños do barrio, co respaldo da Concellaría de Cultura que ofreceu os medios necesarios para levar a cabo o proxecto. 





PROGRAMA ALALÁ

O programa Alalá comezou a emitirse o 14 de febreiro do 2006 coa intención de achegar ós espectadores da Televisión de Galicia unha visión do folclore tradicional distinta do que ata entón se viña facendo, da imaxe totalmente descontextualizada que se ofrecía da música galega, que non ía máis alá das actuacións en plató alleas á realidade dos grupos e das asociacións que as protagonizaban.

Unha das ideas esenciais coas que naceu o programa foi a de relacionar a música tradicional co contorno social, laboral e persoal dos que se dedican a ela, de tal xeito que o espectador se achegue e se interese pola música despois de coñecer ós homes e mulleres que a fan, a súa realidade, a súa filosofía e as súas motivacións. Alalá propoñía entón unha revisión do xeito en que a televisión difundía o noso folclore, unha maneira de facer que mesmo tiña acadado para a canle o sobrenome despectivo de «Telegaita». E lonxe dos que consideraban que as gaitas debían desaparecer da programación, apostou por darlle valor a este elemento primordial e diferencial da nosa cultura e promover a autoidentificación dos galegos co seu folclore fronte á globalización xerada polo consumo de produtos audiovisuais alleos.

Van alá tres temporadas e 84 programas emitidos. E entre os protagonistas houbo de todo, desde vellos mestres gaiteiros a grupos de mozos que tentan dar unha volta máis á tradición, pandereteiras novas e maiores, músicos que mantiveron o seu facer peculiar na soidade das pallozas dos Ancares ou asociacións que revitalizaron a tradición perdida co abandono das aldeas e dun xeito de vivir baseado nos ciclos agrarios para trasladala a calquera taberna dunha das grandes cidades galegas. A tradición no mundo de hoxe, tal cal é e con toda a paixón que novos e vellos seguen a poñer nela.

Para acadar isto a gravación realízase sempre «in situ», nos lugares nos que viven, traballan e se divirten os protagonistas. Deste xeito, e mediante un período de convivencia co equipo que permite establecer un clima de confianza e respecto mutuo, chégase a descubrir a personalidade dos intérpretes, as súas motivacións, as fontes do seu repertorio, técnicas e detalles que contribúen a personalizar a cada un dos músicos cara o espectador. Un achegamento á persoa que outorga maior emoción e permite entender mellor ó intérprete.

Así, mediante a mestura de anacos documentais, entrevistas e actuacións musicais, téntase narrar en trinta minutos unha historia capaz de interesar ó espectador. Búscase para iso a verdade das palabras e a espontaneidade dos xestos, fuxindo de estereotipos e de formulacións en que a estética se impoña sobre a efectividade narrativa.

Desde as primeiras emisións a acollida foi magnífica, con altos índices de audiencia, recoñecemento da crítica especializada, diversos galardóns e, sobre todo, coa satisfacción dos propios protagonistas, dos homes e mulleres que en cada capítulo amosan a humildade coa que sempre traballaron polo folclore galego, sen máis interese que mantelo vivo e gozar del. O feito de que a eles lles guste o Alalá é a maior recompensa para as nove persoas que hoxe integran o equipo do programa, que con estas premisas inician a cuarta temporada.



O FESTIVAL FERVESTEIRO REALIZOU A SÚA VI EDICIÓN
CARGADA DE ACTUACIÓNS MUSICAIS E XORNADAS CULTURAIS



A sexta edición de Fervesteiro, celebrouse en setembro con actividades públicas durante máis dunha semana co cabaret Yoni Mediogramo: Politoxicómano que se representou no centro Social Fervesteiro, na Fundaçom Artabria estiveron "As sircopatas" co espectáculo Montagem. Os actos do festival continuaron no Espazo Libertario onde se desenvolveu unha charla-debate sobre "Os puntos negros da comarca de Ferrol".

Co fin de recordar o pasado do barrio de Esteiro, o martes partiu do centro social Fervesteiro a ruta *Esteiro en movemento*.

O mércores no centro cultural fíxose un mural colectivo.

E a última fin de semana presentouse cargado de actividades: nos cines Duplex proxectouse o documental *Unha lousa sobre ou Caurel* e a noite na Muralla de Bazán soaron Lady Evil, Mencer Vermello e Dub uten.

No mesmo cerco, o sábado, tivo lugar unha Feira de colectivos e as actuacións de El viejo caracol, Ultrãqãns, Infección de Orina e Os chiquilicuatres e Os Jalochos.

¡ ESTEIRO NON SE VENDE !

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!





ABERTO O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE PROGRAMAS, PARA A GRELLA 2008/2009 DE RÁDIO FILISPIM, 93.9 FM

A radio libre e comunitaria da Terra de Trasancos, que emite dende Ferrol, quenta xa os seus motores dende o **93.9 da FM**.

Como medio comunitario que son, poñen ao voso dispor os espazos da grella de **Rádio FilispiM**, especialmente aos diversos colectivos e asociacións do noso ámbito.

Se cadra, a vosa voz, as vosas inquedanzas, xa foron amplificadas polas **"ondas filispinas"** en pasadas programacións, polo que xa os coñecedes. Mais, queremos achegarvos a aqueles colectivos de veciñanza, culturais, sociais, da mocidade… que aínda non formar parte do **Colectivo Opaíí!** e a propia **Rádio FilispiM**. A que esperades? Animáros a respostar a este convite para concretar como podería, a vosa voz, estar presente na grella.

Existen diversas fórmulas: Realizando o programa **dende os nosos estudios**, en directo, con posibilidades de gravalo e redifundilo durante a semana ou editando **dende a vosa casa**, ou local, audios con novas verbo das actividades e reivindicacións do voso colectivo ou asociación, achegándonos eses audios para nós incluilas nos programas e mesmo nos informativos da radio.

A primeira barreira con que se atopan algunhas persoas interesadas en incorporarse a **Rádio FilsipiM**, é o medo a non saber utilizar os equipos técnicos. Animámosvos a superar eses atrancos realizando pequenas prácticas c@s filispin@os, no propio estudio da **Rádio FilispiM**. O funcionamento dos nosos equipos (mesas misturas, ...) é moi intuitivo. Gañarás confianza con certas prácticas e a súa axuda.

Outra das éivas, é pensar que non tedes nada que dicir, ou que no primeiro programa o teredes dito todo. Isto non é certo. Un programa de radio non é un discurso, nen un feixe concentrado de información. @s filispin@s, axudaranvos a canalizar e racionalizar radiofónicamente todo ilo, que sabemos tedes que dicir, con pequenas guías e suxerencias.

Como sabedes, o **Colectivo Opaíí!-Rádio FilispiM**, ten sé no **Ateneo Ferrolán**, quen os acolle nas súas instalacións dende o seu berce como colectivo, no ano 2004. A radio está enmarcada dentro do terceiro sector da comunicación: **radios libres e comunitarias**. Non emiten **ningún tipo de publicidade** nen dependen de ningún grupo de poder (económico ou político). As súas actividades están, maiormente, **financiadas por eles mesmos**, ao través das pequenas cotas de soci@s. Podes saber máis del@s visitanto a súa web www.opaii.blogspot.com.

A nova programación de **Rádio FilispiM, 93.9 FM**, está a piques de comezar! Apóntate dende xa!

O prazo para a recepción de solicitudes remata o 30 de setembro de 2008. Escribídenos a: **filispina@gmail.com**, enviando a vosa proposta de programa radiofónico, ou solicitando máis info.



A.I.F.A.: ENCONTRO EN STO. DOMINGO (REPÚBLICA DOMINICANA)

Entre os días 27 e 30 do vindeiro novembro haberá reunión anual da Xunta Directiva de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos). O ATENEO FERROLÁN ocupa a Vicepresidencia 1ª de dita Xunta e resúltanos obrigado acudir á reunión.

A situación económica do Ateneo é de sobra coñecida, e os orzamentos anuais non contemplan ningunha partida para viaxes.

De todos os xeitos e como vén sucedendo, (houbo sete encontros anteriores de AIFA en distintos países, España, Portugal, México, Ecuador, Rep. Dominicana e Paraguai) o ATENEO FERROLÁN está, estivo presente en todos eles e estamos a buscar recursos para poder asistir, respondendo ó noso compromiso de membros da Xunta e aportando non só ideas senón tamén obras e difusión do noso facer e da nosa cultura: caderno, revista, CD do Constantino Bellón,...

Admítense ideas e suxestións para a mellor realización desta actividade.



PRESENZA DO ATENEO FERROLÁN

O ATENEO FERROLÁN vén estando presente con certa frecuencia en actos culturais, encontros e celebracións en ámbitos diversos, nacionais e internacionais.

Na maioría dos casos, como corresponde, a representación recae no Presidente, pero non é menos importante a representación impresa que sempre se acompaña, conformada por publicacións literarias e musicais que chegan a moitos lugares do mundo e a moitas persoas que deste xeito palpan e gozan da nosa cultura histórica musical.

Do 16 ao 19 de xullo celebrou o ATENEO DE CÁDIZ o seu 150 aniversario no que fixeron coincidir un mini congreso Iberoamericano de Ateneos. Foron tres días intensos de encontros, conferencias, visitas a museos e exposicións e tamén goce do marco incomparable da cidade irmán, CÁDIZ, que tantas connotacións ten co noso FERROL.





MASA CRÍTICA FERROLÁ



A Masa Crítica é unha «coincidencia organizada» de ciclousuari@s que realizan un paseo colectivo pola cidade. Este evento celébrase mensualmente en máis de 350 cidades de todo o mundo, baixo o lema «Pedalea todos os días, celébrao unha vez ao mes»


Comezou en San Francisco (USA) no ano 1992 a partires dunha xuntanza da SF Bike Coalition, Chris Carlsson propuxo que posto que había moita xente pedaleando polo centro e que as condicións para facelo eran realmente malas, ¿ por que non quedar unha vez ao mes, facernos visibeis entre nós mesmos e o resto da cidade e voltar a casa todos/as xuntos/as?. A idea aceptouse rapidamente e na primeira «quedada» xuntáronse 60; tras un ano eran máis de 600.

O nome de «Masa Crítica» vén do documental «Return of the scorcher» de Ted White, onde se describían as normas de cruzamento nas interseccións nas grandes cidades chinesas; definíanse como unha cuestión de masa crítica: O tráfico para cruzar ten que agardar até que acada unha masa crítica que lle permite meterse e frear o fluxo principal de tráfico, o cal se ve na obriga de parar até alcanzar, a súa vez , a masa crítica suficiente para poder circular de novo.





En Galicia celébranse nas seguintes cidades:
- **A Coruña.** Todos os primeiros venres de cada mes ás 20:00 dende a Praza de María Pita.
- **Santiago**. Todos os últimos mércores de mes ás 20:30 dende a Praza de Galicia.
- **Vigo**. Todos os primeiros domingos de cada mes ás 11:00 horas dende a Pza de América.
- **Ourense**. Últimos xoves de mes ás 20:00 dende o Pavillón dos Remedios
- **Ponteareas.** Todos os últimos venres de mes ás 20:00 na Praza da Igrexa.
- **FERROL**. OS ÚLTIMOS XOVES DE MES ÁS 20:15 NA PRAZA DO INFERNIÑO




PREMIOS AELG 2007

O pasado mes abril Agustín Fernández Paz foi o galardoado co Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2007, na categoría de Libro infanto-xuvenil.
A obra premiada de Fernández Paz ***O único que queda é o amor***, xa recibira o premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil do ano 2007.

Tamén foron premiados polos asociados da AELG Justo Beramendi, na categoría de Ensaio ***De provincia a nación. Historia do galeguismo político***, Xosé Luís Méndez Ferrín (Mellor traxectoria xornalística), Iolanda Vilarchao (Tradución), Miguel Anxo Murado (Narrativa), Marica Campo (Poesía) e Millán Picouto (Teatro).
Deixámosvos a reseña sobre a obra premiada...

O único que queda é o amor:
de Agustín Fernández Paz


Hai unha trama de fíos invisibles que une as vidas dos personaxes deste novo libro de relatos de Agustín Fernández Paz, ilustrado por Pablo Auladell: Diana, Sara, Pablo, Laura, Adrián… todos se namoran e descobren que o amor é un sentimento poderosísimo, capaz de transformalos por enteiro e facerlles a vida doutro xeito. Mais tamén experimentan a amargura do desamor, ou da ausencia, ou dos amores rotos. O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata que se mantén máis alá da morte. Aínda sabendo isto, as persoas sempre buscamos na nosa vida ese sentimento tan necesario como o aire que respiramos, quizais porque intuímos que, como escribe Orhan Pamuk en Neve, "na vida o único que queda é o amor". E sempre, os libros como compañeiros da aventura do amar. Un libro memorable.



REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!







As persoas que promovemos esta chamada queremos manifestar, perante as institucións de autogoberno e como aclaración perante a sociedade galega, o seguinte:

1.- O pobo galego ten **dereito a que a súa lingua propia** (orixinaria) **sexa oficial a todos os efectos** no seu ámbito territorial. Os usuarios do galego deben desfrutar no seu territorio do mesmo status legal que o castelán ten no seu.

2.- A situación do galego está moi lonxe de ser así. Non desfrutamos de dereitos lingüísticos plenos para desenvolver a nosa vida diaria con normalidade na nosa lingua na nosa terra. Son os falantes do galego os que resultan discriminados. É o galego o que corre perigo como idioma e os galego falantes os que non son debidamente respectados. Vivimos unha grande inxustiza que é a negación da igualdade e da verdadeira convivencia.

3.- Por iso, resulta realmente preocupante que, desde Madrid, con apoio de importantes medios de comunicación, haxa quen pretenda convencer á opinión pública de que o castelán corre perigo de desaparición e que os seus falantes son discriminados no noso país. Esta inversión da realidade ten como obxectivo que os falantes do galego non teñan dereitos lingüísticos e que os únicos deberes para as Administracións públicas se vinculen ao castelán.

4.- O verdadeiro problema non está na cooficialidade de idiomas como o galego, senón na actitude de quen nega a existencia de pobos e linguas diferentes no Estado español. Esta actitude si é a negación da convivencia e da igualdade. O proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir nesta lingua. O que compre é respectar a legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Lingüística) e avanzar con cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia. Xustamente a dirección contraria á proposta polos que pretenden a imposición do castelán como único idioma con dereitos e deberes para os cidadáns en todo o territorio do Estado.

5.- Correspóndelle ao pobo galego, a través das súas institucións representantivas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto recoñece para o noso idioma. Esperamos o compromiso das institucións de autogoberno na defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e na aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos. Neste labor contarán sempre co noso apoio.

6.- Alertamos á sociedade galega para non se deixar confundir e instámola a cavilar sobre a verdadeira situación do galego no propio país. Defendemos un dereito humano elemental que nos define, ademais, como pobo diferenciado. Debemos ser firmes rexeitando todo posicionamento que persiga recortar dereitos ou retroceder no cativo camiño andado tanto nas administracións públicas, como na vida social.

AXUDA A **MANTER** E POTENCIAR ESTE **ESPACIO DE LIBERTADE**

FAITE SOCIO DO **ATENEO FERROLÁN**

SUSCRÍBETE Á REVISTA **ATENEA**

QUEDAN OS ÚLTIMOS EXEMPLARES DO CADERNO «FERROL, CIDADE DA ILUSTRACIÓN».

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



XVIII CONCURSO DE GAITA GALEGA

O «Constantino Bellón» foi creado polo ATENEO FERROLÁN, **no ano 91**, para servir como unha plataforma de expresión e presentación de novas pezas e autores, e para axudar a manter e potenciar a nosa música tradicional de gaita galega. Isto, fixémolo baixo a figura dun concurso de composición e interpretación de gaita que pretende manter o xeito de tocar a GAITA GALEGA con xiros e técnicas propiamente galegos.

Dentro desa liña, quixemos imprimirlle unhas características propias e coherentes cos seus obxectivos. Así, o «Constantino Bellón» é coñecido polo estrito das súas Bases, que están a convertelo na plataforma máis representativa e garante da nosa música de gaita. Outras das características de seu, son o propio nome e o logotipo do Concurso, realizado cun dos debuxos máis representativos do pintor LUÍS SEOANE, coa tradicional figura do gaiteiro galego que vai impresa en toda a publicidade, así como nunha peza de cerámica, elaborada por Sargadelos e que se entrega a todos os gaiteiros finalistas e ás entidades colaboradoras.

Entendiamos que o «Constantino Bellón» debería de xogar un papel representativo de Ferrol polo que, as súas edicións veñen a realizarse, dun xeito ininterrompido, o día 31 de agosto, como data significativa na nosa cidade.

No apartado de colaboracións conseguimos as máis representativas, como poden ser as das institucións públicas: Concello de Ferrol, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, complementadas a nivel privado coa participación de Sargadelos, co seu significado de industria comprometida na defensa da cultura galega.

Dende a 6ª edición, no ano 96, introduciuse unha variación moi importante como é a participación de catro gaiteiros das **Comunidades Galegas do Exterior**. Esta novidade foi posible grazas á aportación da Secretaría Xeral de Emigración que financia os gastos derivados da participación dos mesmos. Neste sentido, engadiuse como *Punto nº 5 das Bases do "Constantino Bellón*, o **Premio "Gaiteiro de Soutelo"**, acadando co mesmo unha presenza en todo o mundo galego, por medio dos envíos de publicidade e gravacións do mesmo, a todos os centros galegos do país e da diáspora.

Tamén, e dende o **ano 2004** engadiuse o *Punto nº 9 das Bases do "Constantino Bellón) o* ***Concurso de Composición para Gaita Galega Solista.*** Evento ao que lle dedicamos un día máis na **celebración o día 30 de agosto.**

Como referencia, adiantar que a día de hoxe, recén celebrado o 17º Concurso, temos a edición das dezasete finais, en formatos de longa duración, audio e disco compacto. e nas dúas últimas gravacións contamos coa edición do Premio de Composición.
Tamén, e dende este ano **2008** engadiuse ao *Punto nº 5 das Bases do "Constantino Bellón) referente ao* ***Gaiteiro de Soutelo,*** o ***Premio Seivane, que consistirá nunha gaita feita e personalizada especialmente para esta edición*** que será concedida a aquel concursante que, a xuízo do xurado, mellor defina, tanto na súa presenza como na súa interpretación, a imaxe tradicional do gaiteiro.

Por último, dicir que temos como obxectivo a publicación dun libro que recolla un TRABALLO DE INVESTIGACIÓN que terá tres apartados relacionados coa música de gaita: HISTORIA E EVOLUCIÓN DA GAITA, AFINACIÓN DA GAITA e un terceiro sobre A PALLETA E O RONCÓN.

Na mesma publicación recolleranse a impresión de todas as partituras inéditas (máis de 500), que ano tras ano se veñen presentando ó «Constantino Bellón», así como a gravación en formato compacto de todas as finais realizadas, o cal suporía unha contribución moi importante cara á música galega. A difusión da mesma pensamos orientala cara a : escolas de música, conservatorios, bandas, así como centros de ensino e grupos relacionados coa música.

Dentro desta publicación, quixeramos introducir uns traballos complementarios, nos cales gustariamos de contar coa participación de determinadas persoas da cultura galega, ben por ter unha relación co "Bellón" e a súa historia ou, por ferroláns que están a contribuír no desenvolvemento da nosa cultura, como pretendemos que faga o "Constantino Bellón", co cal ofreceriamos un todo máis ferrolán. Eses traballos servirían como introducción de cada capítulo da publicación.

Finalistas do **XVIII CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" - ANO 2008**

1.	Ricardo Manuel Mouriño Freire	Narón – A Coruña
2.	Pablo Devigo Vázquez,	Castro Caldelas -Ourense
3.	Bruno Villamar Gay	Lugo
4.	Gonzalo Abelairas Lemos.	Ourense
5.	José Manuel Mojón Pérez.	Ourense
6.	Isidro Vidal Gallardo,	Ourense
7.	Daniel Lumbreras Rodríguez,	Guipúscoa
8.	Vicente Carlos González Siri	Uruguai
9.	Jordi Torres,	Arxentina
10.	Santiago Agustín Molina	Arxentina

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



"CONSTANTINO BELLÓN" - ANO 2008

XVIII CONCURSO DE GAITA GALEGA
"CONSTANTINO BELLÓN" - ANO 2008

En Ferrol a 31 de agosto de 2008, no Teatro JOFRE, o XURADO cualificador do 18º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón", integrado por: Víctor Fernández Gabeiras, Xabier Rodríguez Fariñas, Pablo López Torneiro, Xoán Rodríguez Silvar, Xesús Vaamonde Manteiga e actuando como secretaria sen voto, Cristina Meizoso Alonso, unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas a esta final do Concurso, así como a interpretación de todos os gaiteiros finalistas,

Acordan outorgar o **Premio SEIVANE** que consiste nunha gaita feita e personalizada especialmente para esta edición (punto g) correspondente ao "Gaiteiro de Soutelo" a:

SANTIAGO AGUSTÍN MOLINA

Acordan outorgar dous accésit de 1.000 euros cada un a:

GONZALO MANUEL ABELAIRAS LEMOS

BRUNO VILLAMOR GAY

Así mesmo, ACORDA por unanimidade, concederlle o PREMIO ÚNICO de 3.000 euros
deste 18º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a:

PABLO DEVIGO VÁZQUEZ

* * *

O Ateneo Ferrolán acorda Conceder a **Gaita de Ouro "Constantino Bellón 2008"**,

ao programa da CRTVG "ALALÁ"
pola seu labor de difusión e defensa da música tradicional galega.

* * *

ACORDOU, conceder o PREMIO de Composición para Gaita Galega Solista a:

PABLO DEVIGO VÁZQUEZ
pola partitura "BRÍA" para Gaita Solista en DO, Cordas e Piano

Así mesmo declaran como FINALISTAS deste premio a:
JAVIER MARIA LÓPEZ RODRIGUEZ
coa obra "A DERRADEIRA SINTAXE" para Gaita e Orquestra de Corda.

DAVID BELLAS GARCIA
coa obra "HISTORIA DE AMOR en Bb" para Gaita, Violin e Piano.

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!

Os gañadores das anteriores edicións foron:

Ano 1991. Iván Costa Blanco, de Moaña que interpretou Muiñeira da Xiada e Xota para Ourense.

Ano 1992. Xesús Vaamonde Manteiga, da Coruña coa Xota nº 354 e Muiñeira.

Ano 1993. Juanjo Fernández, de Vigo que tocou Muiñeira da Cabra e Muiñeira picada.

Ano 1994. Xose Ramón Vaamonde, da Coruña coa interpretación de Preludios de gaita e Aturuxeira.

Ano 1995. Carlos Lorenzo Lemos, de Fene, con Troulada de Campañó e Muiñeira.

Ano 1996. Pepe Vaamonde Manteiga, da Coruña, con *"Non te namores meniña"* (Tradicional) e *"Saltareira"* (xota), de Pepe Vaamonde.

Ano 1997. Jesús Vaamonde Manteiga, de Ferrol, con *"Peizoquiña",* de Suso Vaamonde e *"Muiñeira do mesón",* de Suso Vaamonde.

Ano 1998. Pablo López Torneiro, de Oleiros, A Coruña, con "Valse de Cecebre", de Pedro Lamas e "Postludio Indigestat", de autor.

Ano 1999. Iván Costa Blanco, de Moaña, con "Piricuchiña" e "A gaita de Melchor", de Iván Costa.

Ano 2000. Pepe Vaamonde Manteiga, de A Coruña, "Alalá de Pradías", de Pepe Vaamonde, "415 de Casto Sampedro", "Muiñeira de San Froilán" de Pepe Vaamonde.

Ano 2001. Daniel Bellón García, de Fene, con "A codea de pan" de Daniel Bellon e "O bicho que furaba na cenoria xogando a base de muiñeira" de Pedro Lamas Varela.

Ano 2002. Oscar Miranda Lodeiros, de Arteixo, con "Barlovento" e "Cuasimuiñeira" de Oscar Miranda.

Ano 2003. Agustín Sánchez Iglesias, de A Coruña, con "Alouminos" e "Andame unha pulga atrás dun piollo" de Agustín Sánchez.

Ano 2004. Alberto Coya Otero, de Hio (Pontevedra), con "¡Malditas palletas ...! e "Non me amoles" de Alberto Coya Otero.

Ano 2005. Daniel Bellón García, de Fene (A Coruña), con "UN LUSTRO" de Daniel Bellón García, "RÍO DE ANXO" de Xosé Romero Suárez e "PRIEGUICEIRA" de Ernesto Campos.

Ano 2006. Daniel Bellón García, de Fene (A Coruña), con "FISTERRA, VARIACIÓNS DE NOITÉBREGA", de Brian Booshby- Xosé R. Suárez (Daniel Bellón) e "SEN MÁIS " de Daniel Bellón.


Ano 2007. Brais Monxardín López, de A Fonsagrada (Lugo), con "ARIA, SUITE Nº 3" de J.S. Bach / Arranxos Pepe Vaamonde e "AIRES DE SAN MARTIN" de Brais Monxardín López. *REVOGADO POSTERIORMENTE*.

MARTES DE CINE

CICLO "GALIZA E O CINE EN GALEGO"

EN COLABORACIÓN CO CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe)

As proxeccións serán os **martes ás 19:00hs.** no **Salón de Actos do Ateneo Ferrolán;** a **entrada é de balde.** Prégase puntualidade.



7 de outubro
CONTINENTAL

(1989) de Xavier Villaverde

Duración: 100' · **Produción:** Xavier Villaverde Asociados · **Produtor:** Francisco Casal · **Guión:** Xavier Villaverde, Raúl Veiga · **Fotografía:** Javier G. Salmones · **Intérpretes** Eusebio Poncela, Jorge Sanz, Cristina Marcos · **Sinopse** Nunha vella cidade portuaria, a principios dos anos corenta, o capo Gonçalves celebra o seu triunfo definitivo sobre as bandas rivais.



14 de outubro
DIVERTIMENTO

(2000) José García Hernández

Duración: 93' · **Produción:** Formato Producións, S.L. · **Produtor:** José García Hernández, Andrés Barbé · **Guión:** Manuel Ortega · **Fotografía:** Jorge Arce · **Intérpretes:** Francisco Rabal, Federico Luppi, Pastor R. Feal · **Sinopse:** Daniel Osantos, un popular actor de televisión, está a piques de conseguir o papel da súa vida.



21 de outubro
ENTRE BATEAS

(2001) Jorge Coira

Duración: 90' · **Produción:** Costa Oeste · **Produtor:** Marco Meere, Roberto Sinde · **Guión:** Carlos Portela, Ramón Campos · **Fotografía:** Chechu Graf, Alfonso Sanz · **Intérpretes:** Miguel de Lira, Nekane Fernández, Pepo Suevos · **Sinopse:** Situada nos anos 60, conta a historia de dous mozos, amigos da infancia, que se desenvolven na convulsa e perigosa fronteira entre o contrabando e o narcotráfico.



28 de outubro
FISTERRA. ONDE TERMINA O MUNDO

(1998) Xavier Villaverde

Duración: 100' · **Produción:** Grupo Continental · **Produtor:** Pancho Casal · **Guión:** Miguel Anxo Murado · **Fotografía:** Javier García-Salmones · **Intérpretes:** Nancho Novo, Elena Anaya, Enrique Alcides · **Sinopse:** Berto e Mario son dous irmáns nados na Costa da Morte en Galicia, fillos dunha parella de hippys que se instalaron alí a finais dos anos sesenta cheos de ideais.



4 de novembro
O LAPIS DO CARPINTEIRO

(2002) Antón Reixa

Duración: 100' · **Produción:** Portozás Visión · **Guión:** Xosé Morais, Antón Reixa · **Fotografía:** Andreu Rebés · **Intérpretes:** Tristán Ulloa, Luis Tosar, María Adánez · **Sinopse:** 1936. Daniel da Barca é un médico e intelectual socialista. A súa moza é filla dun empresario próximo aos fascistas e oponse á súa relación.



11 de novembro
LENA

(2001) Gonzalo Tapia

Duración: 108' · **Produción:** Portozás Visión · **Produtor:** Piluca Baquero · **Guión:** Antonio Trashorras · **Fotografía:** Carles Gusi · **Intérpretes:** Marta Larralde, Manuel Manquiña, Roberto Álvarez · **Sinopse:** Para todos supón un cambio brusco o paso da adolescencia ao mundo dos adultos; pero hai casos nos que a brusquidade toma sentido real e deixa de ser un concepto inocente.



18 de novembro
A NOIVA DE MEDIANOITE

(1997) Antonio F. Simón

Duración: 95' · **Produción:** Encuadre · **Produtor:** Antonio F. Simón · **Guión:** Lino Braxe, Antonio F. Simón · **Fotografía:** Acacio de Almeida · **Intérpretes:** Francisco Rabal, Nancho Novo, Pepe Soto · **Sinopse:** Unha acomodada muller viúva dúas veces, vive coa súa reducida familia e dous criados nun pazo sombrizo na Galicia de finais do século XIX.



25 de novembro
SEI QUEN ES

(2000) Patricia Ferreira

Duración: 106' · **Produción:** Grupo Continental · **Produtor:** Carmen de Miguel · **Guión:** Inés París, Daniela Fejerman · **Fotografía:** José Luis Alcaine · **Intérpretes:** Miguel Ángel Solá, Ana Fernández, Roberto Enríquez · **Sinopse:** Cando Paloma, unha psiquiatra nova namorada do seu traballo, chega para ocupar a súa praza nun hospital remoto en Galicia, encontra un paciente moi especial.



2 de decembro
SEMPRE XONXA

(1989) Chano Piñeiro

Duración: 114' · **Produción:** P.C. Piñeiro · **Produtor:** Rafael Girón, Manuel M. Mallo · **Guión:** Chano Piñeiro · **Fotografía:** Miguel Ángel Trujillo · **Intérpretes:** Uxía Blanco, Xavier R. Lourido, Miguel Insua · **Sinopse:** A historia dunha muller, Xonxa, e dous homes, Pancho e Birutas, e as súas relacións desde a infancia no ano 1947 até a súa madurez en 1986.



9 de decembro
TRECE BADALADAS

(2002) Xavier F. Villaverde

Duración: 103' · **Produción:** Tornasol Films, Ensueño Films · **Guión:** Curro Royo, Juan Vicente Pozuelo, Xavier Villaverde · **Fotografía:** Javier Salmones · **Intérpretes:** Juan Diego Botto, Luis Tosar, Marta Etura · **Sinopse:** Xacobe, un mozo escultor, volve a Santiago despois de quince anos. A razón da súa volta é o descubrimento de que súa nai a quen cría morta en realidade non o está.

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



EXPOSICIÓNS

Até o 15 de outubro,
na Sala de Exposicións do Ateneo Ferrolán (1ª planta),
poderemos ver a exposición de carteis biográficos do **CHE**

«CHE É D@S REVOLUCIONARI@S»

Do 17 ao 29 de outubro
2ª PLANTA

PINTURAS de LAURA LAGO BELLAS

Do 31 de outubro ao 12 de novembro
2ª PLANTA

OLEOS E PINTURAS DIXITAIS de ALEJANDRO BICA LAMAS

Do 6 ao 18 de novembro
1ª PLANTA

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA LATINOAMÉRICA – FOTOS de FEDERICO FERNÁNDEZ ACKERMAN

Do 14 ao 29 de novembro
2ª PLANTA

PINTURAS de ROSA FERNÁNDEZ SALANOVA

Do 5 ao 17 de decembro
2ª PLANTA

ACRÍLICOS de MARCO CERRON DUQUE

Do 19 ao 13 de xaneiro
1ª PLANTA

V EXPOSICIÓN "PEQUENO FORMATO ARTES PLÁSTICAS"
para SOCIOS E SOCIAS DO ATENEO FERROLÁN

EXPOSICIÓN PERMANENTE (1ª planta)
Esculturas, Gravados, Pinturas, Fotografías, Cerámicas...
os fondos patrimoniais do ATENEO FERROLÁN:

Agustín Ruiz de Almodóvar, Loureiro, Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spella Trobec, Luis Rapela, Alba Leal entre outros moitos.

OUTRAS ACTIVIDADES:



CLUB DE LECTURA: Tódolos primeiros **martes** de cada mes. **7 de outubro, 4 de novembro 2 de decembro** ás 19,30 horas

Encontros coa LECTURA. Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro nos locais do Ateneo.

Todos os **MÉRCORES** TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes
AMICOR ás 20 horas

Os primeiros mércores de cada mes reunión Grupo Filosófico CIRPÉN ás 20 horas

Día 1 de outubro ás 20 horas
– Salón de Actos –
Asemblea Plataforma "Apoio Cabo Gago"

Día 24 de outubro ás 19,30 horas
– Salón de Actos –
Xornadas Sindicais

RETOMAMOS AS NOSAS:

XXI XORNADAS DA GAITA
DECEMBRO 08

VIII XORNADAS
"MOSTRA DE CURTAMETRAXES" ATENEO

A celebrar os días 22 e 23 de decembro
no Ateneo Ferrolán.

Para máis información sobre:
CERTAMES, Bases de CONCURSOS, a CONVOCATORIA de ASEMBLEA XERAL ORDINARIA ou o VII CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA" 2009

na nosa páxina web:
www.ateneoferrolan.org

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



CERTAME FOTOGRÁFICO "MEDIO AMBIENTE"

(DENDE O ANO 1991)

Con motivo da celebración do "Día Mundial de Medio Ambiente", o Ateneo Ferrolán vén realizando, dende o ano 91, todos os anos un CERTAME FOTOGRÁFICO que no corrente cumpre a súa 18ª edición. O certame conta cunha ampla participación de fotógrafos de Galicia e toda España, e incluso a nivel internacional (Portugal, Alemaña, ...) que nas obras presentadas resaltan a importancia da natureza nas súas vertentes de coidado e denuncia das agresións que recibe a mesma no actual tipo de sociedade que estamos a construír.

A exposición consta dunha selección realizada polo Xurado, de 50 fotografías enmarcadas, coas que se realiza unha Mostra Itinerante e que participa no OUTONO FOTOGRÁFICO en Ourense, a partir da inauguración e exposición que ten lugar no Ateneo Ferrolán, sempre o día 5 de xuño, onde se dá a coñecer o FALLO e concédense os premios que consisten en: 900 euros - 1º PREMIO, 300 euros- 2º PREMIO e 150 euros -3º PREMIO

O XURADO ao longo destas edicións estivo composto, entre outros, por diferentes profesionais consolidados no mundo da fotografía: MALDE, CARLOS CARBALLEIRA, RODRIGO RAMOS ARDÁ, JOSÉ BENITO CANCIO DEL RÍO, PEDRO JOSÉ LUGRIS FERNÁNDEZ, KIKO DELGADO, VÍCTOR RIVERA JOVE, JORGE MEIS, JOSÉ PARDO VÁZQUEZ, GABRIEL TIZÓN, CÉSAR TOIMIL, SPELA TROBEC, ...

O Xurado cualificador do 18º CERTAME FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 2008, organizado polo Ateneo Ferrolán, integrado por SPELA TROBEC, CESAR TOIMIL, e JORGE MEIS e actuando como secretaria sen voto, CRISTINA MEIZOSO ALONSO, reunido o día 2 de xuño de 2008, toma os seguintes acordos: Unha vez examinadas a totalidade de fotografías presentadas a concurso, de acordo coas Bases e por unanimidade **DECIDE**

1) Descualificar un total de _0_ dos traballos presentados, por non axustarse ás Bases
2) Seleccionar _36_ das fotografías presentadas a Concurso, para incluír na exposición itinerante, tal e como se indica nas Bases.
3) OTORGAR OS seguintes Premios :

3º PREMIO: "ABATIDO AGONIZA" de ANTONIO J. FERNÁNDEZ MARÍN (Valdoviño)

2º PREMIO: "CAMPIÑA INGLESA" de JOSÉ F. RODRÍGUEZ NIETO (Narón)

1º PREMIO: "EN LA INMENSIDAD" de ALBERTO PORRES VIÑEZ (Tarragona)

VI Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "Atenea 2008"

O Xurado do **VI Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "Atenea 2008"**, que organiza o Ateneo Ferrolán, co patrocinio de Caixa Nova, composto por: María José Doce Rey, Aurora Rivas Hermida, Esperanza Vidal Martínez e Francisco Oti Ríos acordou o seguinte **FALLO:**

1) Conceder o **Premio de Categoría Especial**...
ao grupo de teatro do Colexio "Carmen Polo", dirixido por María Victoria Suárez.

2) Nas **categorías Infantil e Primaria** a:
Grupo do CEIP "Centieiras" do Concello de Fene coa obra *"Todo é un conto"*, dirixido por Mª Cointa Pazos García.
Grupo "Atios", do CEIP "Atios", coa obra *"O galo Quirico"*.
Grupo do CEIP "Cruceiro Canido", coa obra "Berenguela", dirixida por **Pablo Lombao Grandal e Isabel López Bellas.**
Grupo da Asociación Os Amigos "Arco Iris" do Concello de Valdoviño coa obra *"A Farsa das zocas"* dirixida por Lucía Caneiro.

3) Na **categoría Xuvenil** a:
Grupo IES CARBALLO CALERO coa obra *"Un casting para Melchor"* dirixida por Mª Pilar Patiño.
Grupo "Pasapadentro" da Asociación Cultural Melandrainas de Arteixo, coa obra *"La niña que riega las albahacas"* dirixida por Marga Fernández e Queta Soto.

Todos eles recibirán un premio, de igual contía, por un total de 250 Euros, doados por Caixa Nova, **ACTO** que terá lugar o próximo venres día 20 ás oito da tarde no salón de actos do Ateneo Ferrolán.

O Xurado quere destacar e valorar publicamente os traballos e esforzos adicados por parte de todos os grupos participantes, dentro das grandes diferencias de medios económicos e humanos e, moi especialmente, naqueles colexios onde se conseguiu ese compromiso e unidade no traballo da comunidade escolar.

Para rematar o Xurado de Atenea 2008, quere felicitar o Ateneo Ferrolán polo seu compromiso permanente e desinteresado coa cultura, sobre todo na súa base –os pequenos– e a Caixa Nova pola súa sensibilidade e compromiso, así como recomendarlles e alentalos na continuidade deste Certame.

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



'O NOME DO PAÍS'

por Carlos Callón
[12/06/2008]

Nos últimos meses, a vulneración dos dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas evidenciouse en diferentes situacións que, pola súa gravidade, tiveron tamén eco nos medios de comunicación. Algúns deses casos lembrámolos na manifestación do pasado 18 de maio, ese chama-mento cívico contundente ao noso dereito a vivirmos no noso propio idioma.

O Carrefour da Coruña recoñeceu que un xefe de sección insultara a unha traballadora porque esta falaba en galego. Unha xuíza, Ana López Suevos, foi denunciada e cuestionada na súa profesionalidade por emitir sentenzas nesta lingua. O Hotel Ciudad de Vigo admitiu que lle prohibe aos seus traballadores falar neste idioma milenario. O Hospital Modelo da Coruña chegou a enviar un comunicado xustificando que unha das súas pediatras lle prohibise a pacientes e familiares que se dirixisen a ela en galego. Segundo datos proporcionados polos centros educativos, o 10,5% das crianzas de tres anos nas sete cidades non reciben nin unha hora de ensino en galego ao día; outro 16% só recibe unha hora...

Ningún destes temas suscitou ningún ditame ou comunicado, por pequeno e sinxelo que fose, por parte da Real Academia Galega. Contrasta este cómodo silencio da RAG perante os problemas da lingua e da cultura do país co protagonismo desta institución na actual campaña mediática contra o uso de Galiza, forma xenuína e histórica, abrumadoramente maioritaria na documentación en galego até o século XVII (aínda que, como é sabido, desde a dominación castelá os textos no noso idioma son cada vez menos e con máis barbarismos).

Hai un debate entre lingüistas sobre se *Galicia* é tamén ou non unha forma galega, pois a súa pervivencia na oralidade non o certifica, igual que non podemos concluír que *gallego* sexa o recomendábel porque *galego* desaparecese da fala, excepto nunha comarca. Mais o que non pode negar ningún lingüista é que *Galiza* é unha forma propia, da nosa historia e da nosa tradición, que hoxe non é ningunha peza de museo, senón que está recuperada e tamén viva, especialmente nos sectores máis dinámicos en favor dos dereitos da comunidade lingüística galega.

Nesta pugna simbólica contra *Galiza* están xustamente os principais movementos e grupos fácticos ou de presión que atacan calquera posíbel adianto para o noso idioma e que ollan para outro lado cando hai conculcacións de dereitos notorias e escandalosas como as sinaladas no segundo parágrafo. Iso non quita que haxa moita xente que defenda ou utilice *Galicia* por apego afectivo ou porque considere máis acaída a corrente lingüística que defende o seu uso por ser a forma maioritaria na fala espontánea.

Do meu punto de vista, o problema non está principalmente no ditame da RAG, pois este é pouco máis que unha paráfrase pouco afortunada das Normas de 2003, extralimitada no aspecto xurídico. O máis grave é que se estean a reproducir diariamente declaracións *off the record* desta institución, ou da comisión correspondente, sen que en ningún momento se neguen ou se corrixan, colaborando así na campaña de deslexitimación do uso de Galiza e creando incerteza sobre as pautas para un uso correcto do idioma.

A mesma Academia que nas normas de 2003 estabelece o criterio salomónico de que Galicia e Galiza son válidas, agora considera, irresponsabelmente e pondo en perigo o consenso normativo alcanzado hai cinco anos, que isto é "esquizofrenia lingüística" e que "un país non debe ter dous nomes". Con certeza, é digno de lamento, mais tamén non é novidade tal diverxencia de pareceres nunha institución que, despois de referendar *grazas* como única forma correcta, realiza declaracións públicas escasamente serias a través do seu presidente cuestionando o seu uso e indicando que el vai seguir dando as *gracias*. Que autoridade ten para estabelecer normativa quen non a aplica?

Para o progreso do idioma é preciso un referente estándar que conte cun amplo respaldo e consenso social, aínda que tal acordo ortográfico e morfolóxico deba ser dinámico e se revise "en función do proceso de normalización do uso do galego", tal e como estabelece a Lei de normalización lingüística na súa disposición adicional. Fraco favor lle está a facer á existencia de tal consenso a postura da RAG. Agardemos que os seus membros máis conscientes, comprometidos e preocupados pola situación do noso idioma reaccionen e, aínda que sexa 101 anos despois, teñamos por fin a Academia Galega que a nosa cultura e a nosa lingua precisan. 

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



SOBRE A HIPOTÉTICA … ¿FUNDACIÓN DO CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE FERROL EN 1377?

Fernando Dopico Blanco
Ferrol, 2008

Dende o decimonónico Montero Aróstegui[1] ata a actualidade, a meirande parte dos historiadores que se ocuparon do convento de **San Francisco de Ferrol** estiveron practicamente de acordo coa hipótese –non sustentada documentalmente– de atribuír a fundación a **Fernán Pérez de Andrade 'o bo'**, situándoa arredor do ano **1377**. Pero, ademais, outros autores chegaron incluso a retrotraela cara a un período inverosímil, no século **XIII**[2]. A máis común hipótese fundacional, a do ano 1377, recóllese baixo unha sospeitosa recorrencia *ab origine illustre*, nun escrito do derradeiro cuarto do século **XVIII** que se atopa no **Arquivo Municipal de Ferrol** (en diante, AMF):

"En este gran pueblo del Ferrol solo hay un convento de Padres Observantes de San Francisco, fundado el año de 1377 por aquel ilustre caballero Fernán Pérez de Andrade, tan estimado del Rey Enrique II y cuia Casa se unió después con la de los excelentísimos señores Condes de Lemus. La fábrica de dicho convento fue a proporción del pequeño pueblo que había entonces, y el número de religiosos era solo de doce (…)"[3].


Así mesmo, esta hipótese tendeuse a evitar a través doutras escuras ou confusas pasaxes. Velaquí unha mostra:

"Yten más. Hubo una tempestad el siglo pasado, en la que desamparó el cura [a] sus ovejas, y el Guardián con sus frayles tomaron de su cuenta la asistencia espiritual, y aún la temporal de todas ellas. De esto vino un voto de [la] villa, el ir ésta con la cruz del convento que lleba un religioso a la Virgen de Chanteyro, y gozar el privilegio de sacarla para todo entierro que se haga en el convento, por lo que han tenido muchas quimeras con los curas, pero está declarada su justicia en juizio[4] contradictorio"[5].

A partir destes e outros textos semellantes, sen citar nunca a fonte documental primixenia ou orixinal na que se baseaban, deuse en falar tardiamente dunha ignota peste que tería asolado a comarca no ano **1404**. A suposta pandemia propiciaría a aparición do célebre ***Voto de Chanteiro*** e, polo tanto, a crenza na existencia –non demostrada– por entón do convento de **San Francisco de Ferrol**.

Sen embargo, debemos reparar en que estamos a manexar manuscritos do século

1. Alzada da igrexa baixo medieval de San Francisco de Ferrol, a. 1772 (ARG, C 111).



REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



2. Planta da igrexa baixo medieval de San Francisco de Ferrol, a. 1772 (ARG, C 111).

XVIII, nos que nalgún caso se di *"falar de oídas"*, con proxección e interpretación ¿nesgada ou descontextualizada? nas obras históricas do século seguinte. Termos que, á súa vez, foron aceptados sen reparos e tomados como verídicos por lexións de historiadores posteriores, que non se preocuparon moito de contrastar a veracidade dos asertos[6]. Chegados a este punto, cabe a reflexión e facermos unha pregunta: **¿Como se nos ofrece o estado da cuestión nos documentos baixo medievais e modernos…?**

O primeiro, **debemos advertir sobre a carencia de fontes directas de época emanadas do propio convento ferrolán**[7] que, de ser coñecidas, evitarían toda clase de especulación histórica. Non obstante, ante este silencio comprometedor, pódese e débese acodir a documentos próximos nas vertentes espacial e cronolóxica, de xeito que a través da sincronía textual poidamos advertir, descubrir ou achegar novos datos na procura de abordar este aparente baleiro histórico. Así, facendo unha esculca nalgunhas das fontes baixo medievais e modernas relativas á comarca, imos considerar diversos aspectos que nos axudarán, en boa medida, a alcanzar algunhas conclusións. Conclusións non menos factibles que a hipótese da fundación en 1377. Xa que logo, se demostrará que estas se artellan con mellor e maior argumento histórico e, o que é máis importante, achegando datos de época fiables.

O tamén convento franciscano de **Santa Catarina de Montefaro** –Ares– comezou a súa andaina no ano **1393**, coa implicación ben testemuñada de **Fernán Pérez de Andrade 'o bo'**. Partindo deste feito contrastado, e sempre e cando admitamos a hipotética data de 1377 para a fundación ferrolá, resultaría que o de Montefaro é posterior. Pero, como veremos, as fontes amosan outro estado da cuestión. Para o caso da comunidade de Santa Catarina, consérvanse e coñécense as doazóns, foros, testamentos[8], etc. dende os seus comezos en diante. Isto permítenos mergullarnos nesas fontes, na procura de datos sobre o convento ferrolán. Resultado …, nin unha soa mención. Esta infrutuosa busca resulta máis sorprendente a teor dos coñecidos documentos sobre a fundación de Montefaro, nos que sería previsible que aparecese algún representante da comunidade ferrolá, ó menos como testemuña. Pero, isto non acontece… e fai tremer de por si os cimentos sobre os que se apoia a hipótese dun convento ferrolán anterior ó de Ares.

En **1403, Gonzalo Pérez de Mandiá** outorga testamento[9]. No consabido apartado de mandas piadosas menciona ós *"mallates da Madalena*[10] *de Ferrol"*, pero non a San Francisco. Dado o costume de legados píos, resulta estraño que non se lembre do convento; sempre e cando este existise daquela, claro …


Outras certas pistas, moi valiosas, atopámolas nos cartularios dos mosteiros de Xuvia **e** Pedroso**, xa editados**[11]**. Ambos con posesións intra e extra muros da antiga vila de** Ferrol**.**


Nun foro de **Xuvia**[12] do ano **1416** aparecen como confirmantes *"frey Johan de Moesche* e *frey Gonçalvo, frayres de San Françisco da villa de Crina»*. Á marxe desta presenza ocasional, temos que subliñar a notoria e **total ausencia de citas a freires franciscanos ou ó convento de Ferrol** en todos os documentos xuvienses xerados no século **XV**.

Mentres tanto, no mosteiro de **Pedroso** producíanse tamén soportes manuscritos. O mesmo que en Xuvia, durante a primeira metade do século **XV non existe unha soa mención a freires franciscanos en Ferrol**. Por fin, no ano **1460**, aparece citado ***"frey Fernando de Trasancos, fràyre do moestewro de San Francisco de Ferrol"***, que haberá de repetir escenario confirmando nun foro de **1477**[13].

Trala providencial testemuña deste freire, é preciso traer a capítulo a ben sabida preferencia da nobreza e da burguesía baixo medievais polos espazos das ordes mendi-








3. Plano –alzada e planta– das igrexas conventuais neoclásica e baixo medieval de San Francisco de Ferrol, a. 1772 (ARG, C 111).











cantes, elixidos como lugar de descanso eterno. A procura de fontes –principalmente testamentos– que puidesen aportar datos sobre este *modus operandi*, é unha das liñas abertas que se estudan de seguido. Nese eido, tan só atopei referencias ó convento ferrolán nas décadas finais do século **XV** e, xa logo, no **XVI**. Precisamente, é dentro deste período cando se testemuña a merca e ocupación de nichos e sepulturas, fundación de capelas e obras pías por parte dos fidalgos da comarca. Estas interesantes accións semellan, tamén, querer dar indicios dunha fundación pouco anterior.

Polo de agora, a primeira localización que atopei sobre enterramentos en **San Francisco de Ferrol** ven a través do testamento de **María Pérez**, muller viúva do notario Afonso Bugueiro, que no ano **1487** dispón: *"Yten mando, desque Deus leuar minna alma da carne, que enterren ho meu corpo eno mosteyro de San Françisco desta dyta vyla de Ferrol, alý cabo de Afonso Bugueyro, meu marido que Deus aja"*. Tamén menciona a un freire que, tal vez, podamos identificar co arriba citado frei Fernando de Trasancos: *"Yten mando que paguen a frey Fernando, frayre deste mosteyro de San Françisco, outro frorýn que lle devemos ho dito meu marido e eu"*. Un segundo freire, frei Gonzalo de Naraío, aparece tamén neste testamento, pero sen especificar se pertencía á comunidade franciscana ou a outra orde.

En **1489** facía testamento **Garci López**, veciño de Santo Estebo de Sedes –Narón–, polo que mandaba enterrarse en San Xiao de Ferrol e *"un trintanario ençarrado ós frayres de San Françisco d-esta vyla"*[14].

Seis anos despois, en **1495**, **María Díaz**, bisavoa paterna do cóengo doutoral Xoán Yáñez de Leiro, ordenaba: *"Et mando enterrar minas carnes, desque ha alma délas for partida, dentro eno mosteyro de San Françisco desta dicha vylla"*.

Vexamos tamén esta opción preferencial por **San Francisco** no comportamento dos sucesivos **Señores do couto de Baltar**[15]. Entre finais do século **XV** e o primeiro cuarto do **XVI** finaron **Pedro Tenreiro de Lago** –ou **de Belote**– e a súa dona **Violante Núñez de Montenegro**, que dispuxeron alí o seu enterramento, con inscrición e armas, segundo haberán de salientar con posterioridade varios dos seus descendentes. Así o recordaba seu neto **Ares Pardo de Lago** († 1563), Señor do Couto de Baltar e alcalde de Cedeira, no seu testamento[16] do ano **1560**:

"Yten mando dezir e digan en el monesterio de San Françisco dela villa de Ferrol por mi ánima e por las ánimas de mis abuelos que allí hestán enterrados[17] *dos trintanarios abiertos, e los digan los fraires del dicho monasterio, e les den e paguen de limosna por cada uno tres ducados, e salgan con el responso e agua bendita sobre las sepulturas delos dichos mis abuelos que allí hestán enterrados. E mando que todos hestos mis trintanarios que mando decir, que mis cunplidores tengan memoria e cuenta de saber como dizen e cunplen.*

Yten digo que por quanto yo hestoi en costumbre, e antes de mí lo hestubo el señor Fernando de Lago, mi padre, de cada un año dar de limosna a los fraires del dicho monesterio de San Françisco de Ferrol un carnero e un toçino e quatro gallinas, el carnero por San Juan y las gallinas e un toçino por día de Reis, que es el tiempo en que yo boi a reçebir de mis caseros al mi lugar y palaçio de Belote los presentes. Y ansí quiero y mando y hes mi boluntad que de aquí adelante e para sienpre jamás, mis herederos tengan memoria de les dar la dicha limosna (…).

Yten mando que digan en el dicho monesterio de San Françisco de Ferrol otro trintanario abierto por la ánima de Mor Martínez[18]*, mi tía que allí está enterrada (…)"*.

En parecidos termos se pronunciaba o fillo sucesor de Ares Pardo, **Xoán Pardo de Andrade** († 1615), que no seu testamento[19] do ano **1586** apunta:

"Yten mando que siendo Dios servido de llebarme desta presente vida estando en Castilla o en alguna parte deste reino de Galiçia, de manera que dentro de dos días pueda ser llevado a San Françisco de Ferrol, me lleven al entierro que allí tengo donde están mis bisabuelos Pedro Tenreiro y Biolante Núñez. Y siendo Dios servido de llevarme en Castilla o en parte que como tengo dicho no pueda ser llevado, mando que mi cunplidor en todo caso aga dentro de un año traer al dicho entierro de San Françisco de Ferrol, a donde mando que me echen aunque me muera en Castilla.

Yten mando que demás del tozino y carnero y quatro gallinas que cada año estoi obligado a dar por los testamentos de mis padres y abuelos, y tanbién demás de una anega de trigo que ansí mismo estoi obligado a dar para siempre xamás por el testamento de Juan Pardo de Lago, mi ermano, quiero que se le dé otra más. Que son dos anegas de trigo cada un año perpetuamente y con los toçinos y gallinas y carnero, lo qual todo está situado sobre la haçienda que tengo en Trasancos (…)".

Semellantes premisas observámolas na liñaxe da **Casa de Mandiá**. Velaquí como **Pedro Yáñez de Corzás** († c.a. 1530), fidalgo notorio e Señor do Pazo de Soelle en Mandiá, funda aproximadamente entre **1520-30** unha capela baixo a advocación da ***Angustia***, que estaba sita na igrexa conventual *"como se entra por la puerta a la mano izquierda"* sinalada coas súas armas, onde se mandou sepultar e na que se enterraron tamén algúns dos seus descendentes. Ademais, cómpreme salientar que este persoeiro detentou o cargo de *Síndico* do convento. O seu neto, o lonxevo alcalde ferrolán **Rodrigo López de Mandiá** († 1612) o lembraba no seu testamento, xunto con outros ricos datos:

"Yten mando que en el monasterio de San Francisco desta villa donde está enterrada mi madre Teresa Núnez y mi hermana María Ares, y mi abuelo Pedro Yánez de Corzás, se digan por sus ánimas y por la de Fernando d'Ares de Mandiá, mi padre, y por la de mi abuelo Rodrigo López, y por la de mi abuela Aldonza Núnez, y por la de mi abuela Isavela Fernández, y por la de mi tía María Sardina, y por la de mi tío Joan de Mandiá, y por la de mi primo Fernando Ares de Mandiá, clérigo, que está enterrado en la capilla de la Quinta Angustia en el dicho monasterio que hiço el dicho mi abuelo Pedro Yánes de Corzás, a donde ay sepulturas conovadas y senaladas, y la dicha mi madre está junto al púlpito donde tengo y están dos sepolturas mías, y tanbién por el ánima de Antonio Salgado, que está sepultado en el dicho monasterio en una sepoltura conubada. Se me digan cinquenta misas rezadas por sus ánimas de los aquí nombrados y se pague de limosna al Guardián y flaires cien reales".

Poucos anos antes o curmán de Rodrigo López, o magnífico doutor **Xoán Yáñez de Leiro e Doza** († 1599), cóengo da Catedral de Santiago, patrón da capela da Santísima Trinidade de Ferrol e I Señor dos coutos de Xuvia, Caranza e Santa Icía de Trasancos pola Casa de Mandiá, resinaba no seu testamento[20]:

"Yten digo que traté con Probinçiales de la religión del seráfico padre San Françisco me hiziesen merçed de conçeder im perpetum un arco de la capilla mayor del conbento de San Françisco de la billa de Ferrol, que sea a la mano del Evangelio e más próximo al altar, y otras dos sepulturas más en la dicha capilla[21]*. Y en el dicho arco he de trasladar los huesos de mis señores padres y abuelo, y que ninguno [otro] se entierre en el dicho monumento. Y para los demás mis parientes dexo las dos sepulturas que tengo en la dicha capilla mayor, con mis armas. Y por merçed que se me hiço y por mis señores padres y*

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



4. Arquivo do Pazo do Monte, Ferrol. Escritura de *"conçierto"* da confraría da Santa Cruz de Ferrol (a. 1537).

anteçesores aberen sido hermanos de la dicha horden, como lo bí en privilegios que antiguamente se conçedían (…)".

Tamén os **Pita da Veiga** acoden a esta cita da fidalguía local cos franciscanos. Así o reflicte o doutor **Francisco Pita do Vilar**, Señor do Pazo-Torre de Mandiá e do couto de Vilacornelle, que no seu testamento do ano **1660** lembra o enterramento do seu famoso avó paterno **Alonso Pita da Veiga** († 1554), heroe da Batalla de Pavía e rexedor de Ferrol: *"Yten, mando eso mesmo se me digan otras çinquenta misas rezadas a dicho tiempo en el convento del señor San Françisco de Ferrol, y una cantada con sus responsos y agua vendita sobre la sepultura en donde está enterrado mi abuelo Alonso Pita da Beiga, que fue el que prendió al Rey Francisco de França, que está junto a las gradas del altar mayor en el medio. Y por ellas se pague la limosna, que así es mi voluntad"*.

Entre outros aspectos queda pendente un estudo sobre as confrarías ligadas a San Francisco, das cales existen varias citas e algúns documentos dende as postremeiras do século **XV**. O exame das advocacións destas pode axudar, sequera en parte, a despexar o enigma cronolóxico fundacional do convento franciscano. Para mostra, un botón. Velaquí un fragmento dunha *"escritura de conçierto"* sobre unhas herdades en Leixa, outorgada en **1537** polos membros da confraría da Santa Cruz de Ferrol: *"Primeramente, Alonso Pyta da Veiyga, e Lopo d'Anydo, e el reverendo senor Padre Guardián, e Alonso Ares, clérigo, e Alonso Bugueyro, e Juan de Mandiáa, e Juan de Ferreyros, e Françisco Pérez Páramo, e Roy da Bastyda, e Juan da Fonte el nobo, e Pedro d'Ares, e Juan da Beyga Çapatero, e Alonso de Çedeyra, e Pedro de Tapya, e Lopo de San Martino, e Pedro Corbo, e Juan de Felgueyra, todos por nós mysmos e por los que con nós quisýsyen ser juntamente en lo de ayuso contenido con Juan Fernándes Dýaz, como confrandes de la senora Santa Cruz del monesterio del senor San Françisco de la villa de Ferrol (…)"*[22].

Cómpre agora salientar un voluminoso preito do século **XVIII** que se conserva no **Arquivo do Reino de Galicia** (en diante, ARG), incoado entre os **Marqueses de San Sadurniño**[23] e o **convento de San Francisco de Ferrol**[24] por mor dos dereitos e obrigas dos primeiros en relación con certas sepulturas dos seus devanceiros. Alí atopei incorporado un espléndido plano datado en Valladolid no ano **1772**[25], reprodución íntegra dun orixinal de **1771**[26]. No plano[27] represéntanse detalladamente, en alzada e planta, as dúas igrexas de San Francisco –medieval e neoclásica–. Ademais, achéganse os comentarios dos peritos actuantes sobre a disposición e titulares dos enterramentos, capelas, etc. As magníficas ilustracións deixan en evidencia a certos traballos dos últimos decenios, onde se intentaba reconstruír a arquitectura da igrexa conventual, á que, incluso, lle chegaron a atribuír imposibles elementos románicos …

Para finalizar, unha última observación. Temos ben demostrado como os casos de **homonimia** condicionaron e produciron bastantes erros ou equívocos no eido da historiografía. Polo tanto, non está demais reparar nos dous **Fernán Pérez de Andrade** que foron Señores de Ferrol e Pontedeume. Un, **Fernán Pérez 'o bo'** († 1397), outro **Fernán Pérez 'o mozo'** († 1470). ¿Puido a homonimia, unha vez máis, xogar unha mala pasada e producir a confusión de un co outro …?. **Tal e como vimos, os datos semellan converxer cara a unha fundación de San Francisco de Ferrol arredor de mediados do século XV, a etapa do señorío de Fernán Pérez de Andrade 'o mozo'** … Queda dito …



NOTAS

1 José Montero Aróstegui. *Historia y descripción de la villa y departamento del Ferrol*; Madrid, 1859.

2 José Alonso López y Noval. *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y a su comarca*; Madrid, 1820.

3 AMF, C. 918, *"Convento de San Francisco de Ferrol"* (nº. 1, clasificación antiga).

4 De que saiba, polo de agora non apareceu ou non se coñecen máis datos sobre este preito entre os ministros parroquiais de San Xiao e o convento de San Francisco.

5 AMF, C. 918, *"Convento de San Francisco de Ferrol"* (nº. 1, clasificación antiga).

6 Por exemplo, Margarita Sánchez. "La villa de Ferrol en la primera mitad del siglo XVIII" (2ª. Parte); en *Estudios Mindonienses* nº. 2, 1986. Esta investigadora chega a afirmar que o convento foi obxecto de reconstrución en 1377: *"En cualquier caso, fue reedificado por Fernán Pérez de Andrade"* (cit. text.); dando por boa unha inexplicable, fantasiosa e para nada documentada fundación anterior.

7 A meirande parte das que foron publicadas ata a actualidade son case sempre referidas a aspectos e asuntos dos séculos XVIII e XIX.

8 Parte dos documentos e libros de Montefaro consérvanse no AHN, outra parte no ARG.

9 Andrés Martínez Salazar. *Colección de documentos históricos* (BRAG, t. I e 2); A Coruña, 1915, pp. 243-45.

10 Salvo novidade, esta é a primeira cita explícita para a función asistencial da Madalena de Ferrol, fóra dunha referencia á *plaça da Madalena* nun foro de Xuvia moi pouco anterior (1402). Isto implica a súa existencia coa pequena capela e hospital para *malatos* ou *lazarados*, ó menos dende comezos do século XV.

11 Santiago Montero Díaz; *La colección Diplomática de San Martín de Jubia (977-1199)*; Impr. El Eco Franciscano, Santiago de Compostela, 1935. Enrique Cal Pardo; *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*; Deputación Prov. de A Coruña, 1984. Andrés Pena Graña; *Narón, un concello con historia de seu* (vol. II, Idade Media); Narón, 1993.

12 Pena Graña. *Narón, …*; ob. cit., p. 547.

13 Cal Pardo. *El monasterio …*, ob. cit., CDP nºs. 35 e 41.

14 Cal Pardo. *El monasterio …*, ob. cit., CDP nº 50.

15 Sobre os Señores de Baltar, ascendencia e descendencia, Fernando Dopico Blanco. "Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño na comarca de Ferrol (séculos XVI ao XVIII)"; en *Cátedra* nº. 13, Pontedeume, 2006.

16 Dopico Blanco. "Prolegómenos, …"; ob. cit.

17 Avós paternos, Pedro Tenreiro de Lago e Violante Núñez de Montenegro.

18 Probablemente tía paterna.

19 Dopico Blanco. "Prolegómenos, …"; ob. cit.

20 Fernando Dopico Blanco. *Mandas testamentarias de D. Xoán Yáñez de Leiro e Doza (Santiago de Compostela: 1599, maio, 7 e 9)*; Caixa Galicia – Aula de Cultura, Ferrol, 1996.

21 No ano 1775 efectuouse un recoñecemento pericial destas sepulturas, que se describen polo miúdo. Porén sabemos que o nicho onde estaban sepultados os pais do doutor Yáñez de Leiro –o rexedor Alonso Bugueiro de Parga e Clara Fernández de Mandiá– tiña un epígrafe cos seus nomes e escudo de armas.

22 Fernando Dopico Blanco. "Noticia dun documento inédito sobre a confraría da Santa Cruz de Ferrol no século XVI"; en *Labor Galego* nº. 2 (3ª. época). Ferrol, 1993.

23 Sobre os Marqueses de San Sadurniño, ascendencia e descendencia, Dopico Blanco. "Prolegómenos, …"; ob. cit.

24 ARG, RA, Preitos, 1295/11.

25 Cando realicei esta localización, puxen sobre aviso da existencia deste plano ó persoal do ARG. Na actualidade atópase xa separado do preito, baixo a referencia C. 111, que se cita a pé das imaxes.

26 Na actualidade localízase no Arquivo da Real Chancelería de Valladolid (ARChV). Planos y Dibujos. Desglosados. 0131. Resulta necesario avisar de que o mesmo preito se atopa por duplicado, un no ARChV e outro no ARG.

27 O primeiro en localizar este plano foi o desaparecido investigador Carlos Martínez Orero, que o publicou parcialmente no xornal *Diario de Ferrol*, con data 14/11/1999. Agora ben, Martínez Orero fala nese artigo xenericamente do ARG –sen citar a fonte explícita– e data o plano en 1771. Pero, cómpre advertir que realmente este é de 1772, copia do orixinal de 1771. Comparativamente, o plano que se publicou no devandito xornal seméllase máis ó orixinal do ARChV que ó do ARG, xa que este último introduce como variante un pequeno texto explicativo debaixo da planta da igrexa baixo medieval, precisamente onde se recolle que se trata dunha copia de 1772. Tamén, bótase en falta unha rúbrica que se atopa na parte inferior esquerda e o desglosado de termos explicativos … Por último, quero salientar que Martínez Orero tiña previsto publicar un traballo máis extenso sobre este plano nunha revista, artigo que desgraciadamente non chegou a ver a luz. Vaia este recoñecemento na súa memoria.



Informamos a tod@s @s usuari@s das dependencias da nosa entidade que dende hoxe contan con servizo WIFI.

Que é a WIFI? No uso moderno, wireless refírese á comunicación sen aremes ou fios e usa principalmente frecuencia de radio e ondas infra-vermellas. Por exemplo, internet sen fio ou Wlan. O funcionamento do 'Wi-Fi' é simple. Para ter acceso á Internet a través dunha rede Wi-Fi (tamén coñecida como Wlan) débese estar no radio de acción dun punto de acceso (normalmente coñecido por hotspot) ou lugar público onde opere unha rede sen fios e usar un dispositivo móbil, como un computador portátil, un Tablet PC ou un asistente persoal dixital con capacidades de comunicación Wireless.

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



150 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DE FERROL COMO CIDADE

DEDICATORIA Á S. M. LA REINA (1).

Señora:

Aunque la historia de una localidad parece un presente harto insignificante para ofrecer á una Reina, el que suscribe se atreve, bajo la proteccion del Cuerpo Municipal, á presentar A L. R. P. de V. M. los anales de un pueblo, cuyos principales sucesos están enlazados con los grandes acontecimientos de la Nacion en la época de la dinastía reinante, á quien debe toda su preponderancia, toda su nombradía, convirtiendo una pequeña villa feudal de pobres pescadores en el mejor Departamento marítimo de España, rival de los principales de Europa.

Si V. M. con su natural benevolencia se digna acoger mi pensamiento y prestar su Real permiso para dedicar á mi Reina este pequeño fruto de mis tareas literarias, podrán entonces

En próximas datas celébranse os 150 anos da concesión do titulo de cidade á Vila de Ferrol. Pode parecer este acontecemento algo anecdótico, pero non está de máis celebrar as cousas boas, sobre todo si se fan entre todos.

Montero Aróstegui lembra perfectamente os feitos acontecidos entón, non so os festexos, senón as reivindicacións que se prantexaban á Raíña.

En setembro de 1858 S.M. A raíña Isabel II ven a Ferrol, neses días: *"El Ayuntamiento de Ferrol, acude a...V.M.con una suplica que considera de justicia..."*

Esa petición é que se lle conceda ao pobo de Ferrol o título de cidade e ao seu Alcalde e Concello o tratamento de Señoría Ilustrísima, que de feito xa se lle dá, pero que non se pode presentar ningún papel que o acredite xa que pensan que se perdeu do arquivo municipal durante a invasión francesa. A esta petición vaise unir tamén a Xunta de Comercio.

O relato de José Montero resulta moi interesante polas alegacións que presentan, tanto o Concello, como a Xunta de Comercio para soster a petición.

Na representación presentada a S.M., o l4 de Setembro de 1858 faise un breve percorrido pola historia de Ferrol e os méritos conseguidos destacando a defensa contra os ingleses en 1800 e a invasión francesa en 1809, con todas as dificultades que carreou á poboación.

Pero a petición é algo máis que a concesión dun título, é unha exposición dos problemas que atravesa a Vila e o departamento marítimo e pola Xunta de Comercio se aproveita a ocasión para reseñar esta situación, por exemplo: *"...al lado de esos soberbios arsenales que V.M. admira,en una población esencialmente artística y marítima,no existen hoy mas establecimientos de educación que las escuelas de instrucción primaria..."*

Resulta curioso ler na alegación do Concello, unha das razóns que expoñen para solicitar a concesión do título de cidade e o tratamento de ilustrísima; e é que creen que son algo máis que un simple termo municipal, pois a diferenza doutras capitais, Ferrol é Departamento naval; isto leva implícito, e é fácil de ver, unha loita de poder entre as autoridades civís e as militares.

> *Este outono, FERROL, toda a cidade, todos seus habitantes teñen un acontecemento que celebrar.*

Expón o concello, que no trato coa máis alta xerarquía militar soen producirse conflitos, e que como representantes do poder Real deben ter incluso un maior tratamento que o dos xefes militares de maior graduación; para ilo citan a situación dada en 1844, naquel entón era alcalde de Ferrol un dos políticos coa carreira máis brillante durante o reinado de Isabel II, Saturnino Calderón e Collantes, que no momento da petición é Ministro de Estado, e que sempre mostrou un grande interese por Ferrol e posiblemente influíu na decisión.

A visita da Raíña a Ferrol, foi todo un éxito. Montero Aróstegui na súa historia de Ferrol deixa constancia diso e de como se resolveu a petición.

Por un bando de Alcaldía, o 19 de outubro de 1858, o Alcalde Ramón de Ocampo facía saber que a Raíña, en atención ás razóns expostas, concedía á Vila de Ferrol o título de cidade e o tratamento de Señoría Ilustrísima ao seu Concello, está firmado el 13 de outubro de 1858.

Quedaba así de manifesto, unha vez máis, a profunda vinculación da Cidade de Ferrol coa Coroa. Será a ocasión para achegarnos un pouco máis a un período, que na longa historia da cidade soe ser bastante descoñecido.

Dende o **ATENEO FERROLÁN** unímonos á celebración, pero non so como un feito puntual, senón **co traballo diario de preservar e difundir o patrimonio desa época, que nós, na nosa tradición tamén centenaria, conservamos para toda a cidadanía.**



OS ATENEOS NO SÉCULO XX

Datos recompilados por
Pilar Blanco Vidal

Texto lido por Eliseo Zaera Ríos
en xullo 2008, no Ateneo de Cádiz
na celebración do seu
150 aniversario.



Do grego Atenaios, isto é, de Atenas; refírese ao santuario da deusa Atenea onde os poetas e oradores lían as súas obras. Como proxección da cultura ateniense empregouse o termo para designar institucións científicas e literarias dedicadas ao culto libre e desinteresado da cultura, a elevar o nivel intelectual das xentes por medio de conferencias, debates, cursos e lecturas. Tamén se designa así o local de ditas entidades.

O primeiro ATENEO foi creado polo emperador **Calígula** en Lyon, en torno aos anos 30-37.d C. No ano 135 o emperador **Adriano** funda un Ateneo no Capitolio de Roma co fin de que se explicaran leccións de gramática, dialéctica, elocuencia, filosofía...

Ao redor do 200 fíxose célebre o Ateneo de Nimes. En 424 Teodorico II funda un en Constantinopla para o Imperio de Oriente. Na idade Media as Universidades libres asumen o carácter e o estilo dos Ateneos. Cara o ano 1780 varias sociedades culturais francesas tomaron o nome de Ateneo, que máis tarde cambiarían polo de Liceo ou Museo.

Dende 1824 existe en Londres The Atheneum, entidade cultural e periódica fundada en 1828. Ao longo do século XIX varios institutos culturais de España e Latinoamérica adoptaron o nome de Ateneos a imitación dos franceses. A súa historia vai ligada ao espírito e evolución do liberalismo. En 1820 inaugurouse o Ateneo científico e literario de Madrid. En 1860 nace o Ateneo de Barcelona coa denominación de Ateneo Catalán, que cambiaría en 1872 polo de Ateneo Barcelonés. En 1879 constitúese en FERROL o Ateneo artístico, científico e literario. Durante a segunda metade do século xorden en moitas poboacións os Ateneos *Obreiros*, con especial dedicación á ensinanza entre as clases obreiras.

TODOS OS ATENEOS REMARCAMOS QUE TEMOS A NOSA FORZA NOS NOSOS SOCIOS E SOCIAS, NA CIDADANÍA E EN SER TRIBUNA ABERTA Á CULTURA



Espectacular interior do Ateneo de Manila



Atheneum Club. Pall Mall 107, London (c 1901)

Os ATENEOS están considerados e recoñecidos como centros de reunións,



É DIGNO DE COMENTARIO A EXISTENCIA DE VARIOS PERSONAXES DA ANTIGÜIDADE CON ESTE NOME:

** ATENEO, escritor, militar e matemático grego do 200 a C.*

** ATENEO, médico grego de Cilicia do século I.*

** ATENEO (de Seleucia) filósofo peripatético do tempo de Augusto.*

** ATENEO (quizabes o máis importante) filósofo grego de Neucratis (Exipto), afincado en Alexandría (século II) e en Roma durante o reinado de Cómodo. Co título xeral de "El banquete de los sofistas" escribiu 15 libros (perdidos os dous primeiros e parte do terceiro). Co estilo dos diálogos de Platón, o autor conta as conversas mantidas nun banquete ao que asisten artistas, filósofos, médicos, xurisconsultos, etc. aportando referencias de máis de 27.000 títulos de 700 autores diferentes.*

tertulias e cultura. Tamén os ateneos cumpriron un papel decisivo na introdución e difusión das literaturas contemporáneas, así como do pensamento científico, lugares de busca e de consulta, fundamentalmente pola dotación, na maioría deles de espléndidas bibliotecas e hemerotecas, que hoxe se manteñen conservando auténticas xoias.



La escuela de Atenas de Rafael

O Ateneo simboliza, máis que calquera outra institución, a crises da cultura oficial tutelada porque –en última instancia– substitúe aos organismos oficiais, pola figura do cidadán en termos de individuos libremente asociados para o debate, a crítica e a produción e difusión cultural. Todos na súa orixe, tentan manter o espírito clásico, no sentido de *ágora,* é dicir, de lugar de reunión, de debate, abertos e sobre todo impulsores de CULTURA.

Moitos deles recollen nas súas historias a presenza de importantes personalidades, debido a que eran os motores culturais das súas cidades e non había intelectual ou artista que non quixera participar nas súas tribunas.

En España, a guerra civil vai afectar profundamente aos ATENEOS,de igual modo que ao resto do país. A conseguinte posguerra e ditadura os afectará de modo diferente.

Hai un número considerable de Ateneos que con maior ou menor dificultade, vanse manter e seguen desenvolvendo a súa actividade ao longo do período da ditadura franquista, e tradúcese sobre todo en encontros literarios; ou se fundan nestes momentos.



Biblioteca do Ateneo de Madrid



Fachada do Ateneo de Bucarest realizado entre 1886-88 polo arquitecto francés Albert Galleron

Sen embargo, outros van ser silenciados; isto prodúcese en diferentes graos. Hai os que cambian o seu nome, eliminando a palabra "ateneo", outros péchanse sen máis contemplacións, e hai casos en que os bens da sociedade son incautados e as súas bibliotecas queimadas.

O Alzamento Militar de 1936 acabou cos dous ATENEOS existentes en FERROL nesas datas manténdose pechados os 40 anos da ditadura. Aqueles que permaneceron, tamén atravesaron dificultades para tentar manter a súa independencia política.

En 1976 recupérase o que ata hoxe se denomina ATENEO FERROLÁN. A chegada da democracia e o período da transición marcan o rexurdimento dos ATENEOS. Estes volven a proliferar e todos intentan retomar as actividades, xa clásicas, neste tipo de institucións. Volvemos a encontrar a apertura das súas bibliotecas, conferencias, debates, e exposicións. Cobra grande protagonismo o cine, publicacións, e unha intensa implicación na vida das cidades que os acollen, converténdose en moitas ocasións no motor e centro desa vida cultural.

As últimas décadas do século XX foron –en numerosos casos– momentos de cambios nos ateneos, de dificultades económicas, cambios de sedes e intentos de manter a independencia e a defensa da cultura por riba das ideoloxías. O final de século é a época de reformular a actividade, moitos deles son hoxe lugar de encontro de diferentes colectivos, de novos creadores, foros de debate máis alá de localismos.



VII ENCONTRO INTERNACIONAL NA GALIZA
MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES VIGO 2008 (18 E 19 DE OUTUBRO)

Os próximos **18 e 19 de outubro** a Marcha Mundial das Mulleres, rede feminista internacional que agrupa a mulleres de máis de 150 países, dará un paso máis na súa loita contra a pobreza e a violencia. Delegadas dos cinco continentes acudirán a Vigo para celebrar o VII Encontro Internacional, nunhas xornadas cargadas de reflexión para seguir construíndo un mundo onde sexan erradicadas a pobreza e a violencia.Todas as persoas, mulleres e homes, e colectivos, que comparten estes dous obxectivos, teñen un convite para acompañar ás mulleres vindas dos cinco continentes, a dar este paso na cidade de Vigo.

Celebrarase un **Foro** e unha **Feira de Soberanía Alimentaria**, onde mediante debates, exposicións, mostra de produtos, obradoiros e música, denunciarase a utilización dos monocultivos intensivos, os agrotóxicos, a especulación do capital financeiro coa produción,transporte e venda dos alimentos...,e como todo isto afecta na vida das mulleres, das comunidades, dos pobos e do planeta, sendo as mulleres maioría na produción e elaboración dos alimentos, aínda tendo só o 1% da propiedade da terra. No Foro e na Feira defenderase o dereito que teñen os pobos a decidir sobre a súa alimentación, a súa agricultura e pesca, sinalando o papel das mulleres como axentes de Soberanía Alimentaria.



O domingo 19 de outubro, nunha praza da cidade de Vigo, realizarase a construción dun **milladoiro** para o que contaremos coas pedras que as delegadas transportarán na súa viaxe a Galiza desde distintos puntos do planeta, simbolizando a unidade das mulleres e dos camiños na loita contra a violencia e a pobreza. Este proxecto artístico elaborado polas alumnas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, ficará en Vigo para dar testemuña ao longo do tempo da solidariedade vivida coas mulleres do mundo, na súa loita contra a pobreza e a violencia.

Ademais, poderemos compartir coas delegadas da M.M.M. as rúas de Vigo, na **manifestación** convocada para o domingo 19 de outubro, baixo o lema ***«CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES PARA CAMBIAR O MUNDO, CAMBIAR O MUNDO PARA CAMBIAR A VIDA DAS MULLERES»***.

Acude a Vigo o 18 e 19 de outubro para berrar con nós que este cambio é posíbel e para mostrar a túa solidariedade coas mulleres vindas de todo o mundo.

SOLIDARIEDADE CON JESÚS NERIA

Jesús Neria, xornalista e profesor da Universidade Camilo José Cela de Madrid, de 55 anos, atópase en estado de coma no Hospital "Puerta de Hierro" a consecuencia da malleira propinada por Antonio Portas, por defender a unha muller que estaba sendo agredida por este en Majadahonda.

O suceso ocorreu o sábado 2 de agosto ás 14:00 horas, cando o agredido observou que no hotel Majadahonda un home de 40 anos estaba pegando a unha muller, polo que acudiu a defendela. O agresor sinalou que non se metese nos seus asuntos», polo que o profesor decidiu avisar á policía. Foi entón cando o suposto agresor, Antonio Portas, lle propino uunha forte puñada, que o fixo caer ao chan, onde recibiu ademais varias patadas. Nese momento, os empregados do hotel detiveron ao agresor e chamaron ao Summa, que chegou ao lugar e comprobou que o profesor tiña tres costelas rotas, así como múltiples contusións e lesións por todo o corpo.

Ao lugar tamén acudiu a Garda Civil, que detivo ao atacante, quen prestou declaración ao día seguinte no Xulgado de Instrución número sete de Majadahonda. Como o agredido padecía fortes dores, acudiu o martes a realizar unha revisión ao hospital Porta de Hierro, onde ingresou tras sufrir un derrame cerebral provocado polas lesións do sábado. Na actualidade atópase en coma e en estado crítico.

A familia do agredido acudiu ao xulgado de Majadahonda para denunciar os feitos, e un xulgado de Aranxuez farase cargo da causa por violencia de xénero 'de oficio', xa que a muller do agresor non denunciou os malos tratos á policía.

NON AO SILENCIO!

Facemos un **CHAMAMENTO** a todas as mulleres para que non toleren nas súas relacións, tanto públicas como privadas, ningunha afronta a súa dignidade e integridade, sumándose á defensa de cantas iniciativas tendan á erradicación da **Violencia de Xénero**.

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



POEMAS DO DÍA -VII-

BADALADA DE AMOR

Gustaríame quedar
eternamente pendurado
dos teus beizos.

Coma o badalo
dunha campá,
faría treme-lo teu peito
co meu borboriño.

Faríache axita-la boca
co pracer que provoca
unha procura sen final.

E perseguiría os teus segredos
con renovada ansía,
con verdadeiro anhelo.

E xa nada sería igual

no teu mundo de xeo.

POEMAS DO DÍA -IX-

Gustaríame se-lo peixe
que suca espido o mar
que é o teu corpo.

Quixera bicar cada oco
da túa superficie,
cada coral e cada burbulla
cheo de desexo,
ata morrer presa
do derradeiro folgo
que me leve máis ala do mar,
dos teus ollos,
dos meus versos.

E voltearei a nacer na túa fragua
mentres debuxo figuras de sal
na auga.

E voltearei no bico dos teus peitos
a encontra-lo comezo
do meu camiñar ergueito.

E voltearei a morrer
no derradeiro salaio do vento,
pois tan só quero ...

se-lo peixe
que suca espido o mar
que é o teu corpo...
o meu nacemento.

POEMAS DO DÍA -XIII-

Acabas de marchar
e xa te boto de menos.

Aínda o noso leito
conserva as túas formas
e xa te boto de menos.

Aínda o teu calor me alimenta
e xa te boto de menos.

Aínda os meus ollos
conservan o teu reflexo
e xa te boto de menos.

¡Canto te boto de menos!.

E aínda escoito o teu latexar
que se perde no tempo.

Miguel Ángel Alonso Diz *(continúa na seguinte páxina)*



POEMAS DA NOITE -XV-

AS RÚAS DO TEMPO

Quero descansar placidamente
deixa-los versos no meu peto,
agochalos furtivamente
que ninguén saiba onde os meto.

Soamente escoitarei...
o murmurio do mar
o salaio do vento
os zapatos ó camiñar
polas rúas do tempo.

Quero facer un alto no camiño
e deixalas palabras de ouro,
beber unha boa cunca de viño
na tasca do Louro.

Soamente escoitarei...
a forza do mar
a fraxilidade do vento
os corazóns ó camiñar
polas rúas do tempo.

E durmira o meu lapis
o descanso dos guerreiros,
mentres busco en Allariz
a inspiración polos carreiros.

Soamente escoitarei...
ás conversas do bosque
ás bágoas do ceo
ás follas ós meus pés
polas rúas do tempo.

POEMAS EN LOITA -IV-

O peso da cidade
oprime os meus ollos
coa súa gris presenza
desolada,
e nada hai nas rúas
que cure o desacougo
do meu peito,
nada hai nas rúas
que arranxe a dor
da miña alma.

Porque todo é gris na cidade
morta,
na feble luz dos seus farois,
no sucio andar das súas miradas.
E na súa ribeira
xa non hai peixes, nin pescadores,
ata o mar, que no pasado
mollaba a miña ventá,
fuxiu de ti, de nós.

Cara ó lonxe,
máis aló da mole de ferro,
cimento e mentiras.

Xa non queda ninguén
que te coide,
ata os teus trobadores
te esqueceron.

E nada hai nas rúas
que sande este tormento
que oprime os meus ollos
rompendo o silencio.

POEMAS EN LOITA -V-

Ferro,
ferro nas mans
e nos corazóns da xente,
ferro
que fere a liberdade
ferro
que mutila as esperanzas.

Ferro no campo
nos ríos
nas rías
no mar e nas estradas.

Ferro que afoga
que abafa as miradas.

Ferro que é ferro
que risca o ceo,
e todo é ferro
no mundo
que agoniza de medo.

Non hai flor, todo é ferro
non hai amor, todo é ferro
non hai auga, todo é ferro

Ferro que rompe a terra
en dous en catro en cincocentos
anacos de ferro.

Ferro ferro ferro ferro
que converte o mundo
nunha fría bola gris
de soidade... de ferro...

Miguel Ángel Alonso Diz

EN LA INMENSIDAD de Alberto Porres Viñez
1º Premio do Certame fotográfico "Medio Ambiente"



CAMPIÑA INGLESA de José Rodríguez Nieto (Narón)
2º Premio do Certame fotográfico "Medio Ambiente"



ABATIDO AGONIZA de Antonio Fernández Marín (Valdoviño)
3º Premio do Certame fotográfico "Medio Ambiente"



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org